

SUBVENCIONES AUTOEMPREGO 2016.

Co obxecto de apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas galegas retornadas, esta Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia ven de publicar a Resolución do 15 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 41 do 01/03/2016).

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día 2 de marzo e finalizará o 31 de agosto de 2016.

Serán gastos subvencionables ao abeiro desta convocatoria os gastos de notaría e rexistro, servizos de profesionais, tributos, licenzas administrativas, gastos derivados do desenvolvemento e implantación da páxina web e da pasarela de pagamento para a realización de vendas en liña, publicidade e propaganda, primas de seguro, arrendamento de local, de maquinaria e de equipamentos informáticos, e subministración de servizos imputables ao desenvolvemento da actividade (calefacción, gas, auga, electricidade, telefonía e internet).

En relación cos requisitos comúns que deben cumprir os beneficiarios da convocatoria das subvencións, ademais dos requisitos comúns — ser persoas nadas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega ou ben os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as daquelas — as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno a España.
- b) Non ter transcorrido máis de dous anos entre a data do seu retorno a España e a data de presentación da solicitude de axuda ao abeiro da Resolución do 15 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración.
- c) Residir e exercer a súa actividade laboral ou profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Non ter sido beneficiaria desta axuda para a mesma actividade ao abeiro de anteriores convocatorias.
- e) Non incorrer en ningunha das circunstancias e prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións enumeradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda, as persoas solicitantes deberán cumprir uns requisitos específicos, segundo se trate de traballadores/as autónomos/as ou por conta propia ou socios/as traballadores/as de sociedades laborais ou de cooperativas de traballo asociado:

1. Traballadores/as autónomos/as ou por conta propia:

a) Ser titular dun negocio ou explotación ou formar parte dunha sociedade civil ou comunidade de bens.

b) Terse dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional que corresponda, no período ao que se refire o punto b) dos requisitos comúns anteriormente indicados.

2. Socios/as traballadores/as de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado:

a) As entidades deberán estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais de Galicia ou no Rexistro de Cooperativas de Galicia.

b) Afiliación da entidade na Seguridade Social e de cada unha das súas persoas traballadoras no período ao que se refire o punto b) dos requisitos comúns anteriormente indicados.

Pode consultar en detalle estes e outros aspectos da convocatoria a través do seguinte enlace:

<http://emigracion.xunta.gal/actividade/lina-de-axuda/subvencions-promover-o-autoemprego-e-actividade-emprededora-das-persoas-2>

Ou ben poderá obter información nos seguintes números de teléfonos ou correo electrónico:

Servizo de Planificación e Xestión de Programas:

0034 981 957162

00 34 981 547284

e-mail: retorno.emigracion@xunta.es